

Proxecto lingüístico

J. Martín Sarmiento

Data de aprobación Claustro:

21/12/2020

Data de aprobación Consello Escolar:

21/12/2020

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN	4
2.-SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	4
2.1.Contorno	4
2.2.Centro	4
2.3.Alumnado	6
2.4.Profesorado	7
2.5.Persoal non docente	7
2.6.Documentación administrativa. Rotulación e cartelería	7
3.-OBXECTIVOS XERAIS DO PLC	8
3.1.Obxectivos orientados cara ó contorno sociolingüístico do centro	8
3.2.Obxectivos orientados cara ó profesorado	8
3.3.Obxectivos orientados cara ó alumnado	8
3.4.Obxectivos orientados á situación lingüística do centro	9
3.5.Medidas	10
4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	10
4.1 Liñas xerais de actuación tendentes á consecución dos obxectivos previstos	10
4.2 ámbitos e sectores clave no centro	11
4.2.1.Administración	11
4.2.2.Interacción didáctica	12
4.2.3.Relación co contexto sociofamiliar	12
4.3 liñas de actuación postas en práctica por sectores	13
4.3.1.Alumnado	13
4.3.2.Profesorado	13
4.3.3.Ambientalidade	13
4.3.4.Contorno	14

5.- DECISIÓN RESPECTO DAS LINGUAS DE IMPARTICIÓN NAS DIFERENTES ÁREAS, MATERIAS E ÁMBITOS	14
6.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	26
6.1.Exencións	26
6.2.Medidas de carácter xeral	26
6.3.Departamentos de Lingua Galega e de Lingua Castelá	27
6.4.Departamentos de Linguas Estranxeiras	28
6.5. Actividades de ampliación e reforzo	28
7. ACTIVIDADES PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS	28
7.1.Lingua galega e lingua castelá	28
7.2.Aula de Pedagogía Terapéutica	29
8. ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS	31
8.1.Estratexias directas	31
8.2.Estratexias indirectas	32
8.3.Na aula de Pedagogía Terapéutica	32
9. PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO, CONTROL E AVALIACIÓN QUE ASEGUREN QUE O ALUMNADO ACADÉ A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS	32
10. COMPOSICIÓN DO ENDL	33
11. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	36
12. PLURILINGUISTO	37
13. AVALIACIÓN	38

1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto lingüístico de centro é un documento pedagógico-administrativo elaborado para conectar a realidade do centro co seu contorno, a lingua, a historia, a cultura e a lexislación propias de Galicia. O PLC é unha proposta de organización de centro para atender as necesidades lingüísticas do alumnado. O noso obxectivo é conseguir unha competencia lingüística instrumental suficiente do alumnado, e pensamos que, tamén, de toda a comunidade escolar.

O PLC elabórase seguindo a lexislación do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

A vixencia do PLC é cuatrienal e, polo tanto, o documento é susceptible de ser ampliado e mellorado nos próximos cursos.

2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

2.1. Contorno

O Concello de Pontevedra, no que se sitúa o IES, atópase no comezo da ría do mesmo nome sendo, ademais, a capital da provincia. Conta cunha poboación aproximada duns 84.000 habitantes dos que un 68,75% residen no núcleo urbano e un 31,25% nas quince parroquias do arrabalde rural. Linda ao norte cos municipio de Barro, Moraña e Campo Lameiro; ao este cos de Cotobade e Ponte Caldelas; ao sur cos de Soutomaior, Vilaboa e Marín, e ao oeste co de Poio e a ría do seu mesmo nome. A extensión do Concello é de aproximadamente 117 km², alongándose de norte a sur case 20 kilómetros cunha densidade elevada (635 habitantes/km²).

Os recursos económicos no Concello xéranse no sector servizos, a pesca, a agricultura e a industria, destacando ENCE e as empresas afincadas no polígono industrial de *O Campiño*, algunhas delas auxiliares da factoría de Citróen en Vigo. Ao mesmo tempo, existe un gran número de poboación que traballa na cidade de Vigo por ser esta moito máis industrializada.

2.2. Centro

O IES Frei Martín Sarmiento leva en funcionamento ao redor de 75 anos e está situado na zona centro-sur do casco urbano, preto do río dos Gafos, concretamente na Avenida de Vigo nº 23. Ten nas súas proximidades o Edificio administrativo da Xunta de Galicia, as estacións de ferrocarril e autobuses así como o IES Torrente Ballester.

Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de centro urbano de carácter periférico mixto, é dicir, está situado no centro da cidade pero o seu alumnado (na ESO especialmente) procede de colexios do rural.

Pertence á Zona Educativa de Pontevedra e foi creado inicialmente para Formación Profesional coa intención de dar abeiro á formación específica dos oficios máis demandados no momento da súa creación.

Actualmente están concedidas as seguintes unidades:

> En réxime ordinario:

3 liñas de ESO, cun Plan de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento en 2º e 3º ESO
3 modalidades de Bacharelato (Artes, Ciencias e Humanidades e Ciencias sociais).

Ciclos de grao medio:

- Coidados auxiliares de enfermaría (LOXSE).
- Instalacións eléctricas e automáticas (LOE).
- Estética e Beleza(LOE).
- Mecanizado (LOE).
- Peiteado e Cosmética Capilar (LOE).

Ciclos de grao superior:

- Dietética (LOXSE).
- Estética integral e Benestar (LOE).
- Sistemas Electrotécnicos e automatizados (LOE)
- Laboratorio clínico e biomédico (LOE).

Ciclo de Formación Profesional Básica:

- 1º curso e 2º curso no Ciclo de Fabricación e Montaxe

> En réxime de adultos:

Bacharelato (Ciencias).

Ciclos formativos:

- CM Instalacións eléctricas e automáticas (oferta parcial).
- CM de Peiteado e cosmética capilar (oferta completa).
- CM Coidados auxiliares de enfermería (oferta completa).

- CS de Laboratorio clínico e biomédico (oferta completa).

Ten adscritos os CEIP de *Vilaverde-Mourente*, CEIP *Marcón* e CEIP Príncipe Felipe (que comparte adscrición co IES Luis Seoane). Así mesmo, ten dependente o *Instituto Galego de Formación Acuícola*, pertencente á Consellería de Medio rural e do mar (no que se imparten o CM de Operacións de Cultivo Acuícola, o CM de Mergullo a media profundidade, e o CS de Producción Acuícola)

2.3. Alumnado

O Centro ten a día de hoxe uns 1100 alumnos repartidos entre todos os niveis e quendas existentes, sendo maioritario o alumnado matriculado en Ciclos pola ampla oferta dos mesmos.

A procedencia dos alumnos varía segundo as ensinanzas: na ESO proceden maioritariamente dos centros adscritos; no bacharelato é importante o número de alumnos procedentes doutros centros e concellos limítrofes debido, entre outras cousas, a que é o único centro da zona educativa e limítrofes onde se pode cursar o Bacharelato de Artes xunto coa Xunqueira I; nos Ciclos a procedencia é moi variada, debido a ampla oferta de familias e quendas nos que se poden cursar, e que moitos dos ciclos teñen gran demanda social e só se imparten aquí dentro de toda a zona educativa.

Tamén está escolarizado alumnado que procede doutras comunidades e países, en particular alumnado de orixe centro e suramericano e marroquí (a maioría non procedente dos centros adscritos de primaria). En relación ao alumnado de etnia xitana o número é moi baixo, sendo o máis habitual un ou dous alumnos cada curso académico. En todos os casos, a convivencia con este alumnado sempre foi correcta, non rexistrándose ata o de agora problemas de racismo ou xenofobia.

Na ESO, o centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio-baixo, no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes ás parroquias rurais do municipio; o resto procede da área suburbana de nova construción.

Segundo unhas enquisas realizadas obtivemos os seguintes resultados:

Lingua habitual do alumnado: predomina o castelán.

Lingua habitual da súa familia: neste momento predomina o castelán, séguelle a curta distancia castelán e galego por igual, en menor porcentaxe só castelán e aínda menos só galego.

Lingua usada polo alumnado no ámbito escolar: neste ámbito gaña por maioría o predominio da lingua castelá sobre a lingua galega e séguelle en porcentaxe só castelán; neste apartado hai poucos alumnos que usen galego e castelán por igual

- Competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior: os alumnos consideran, en primeiro lugar, que traen unha competencia boa e en segundo lugar unha competencia aceptable.
- Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo: resulta, neste caso, totalmente favorable nos cursos inferiores da ESO e indiferente nos cursos de bacharelato.
- Actitude do alumnado cara á normalización social do galego: varía con respecto ao apartado anterior, os

alumnos máis pequenos móstranse indiferentes cara á normalización social do galego e os alumnos maiores, de bacharelato, móstranse claramente favorables á normalización social do galego.

• Actitude do alumnado cara á lingua galega en internet: esta enquisa feita a alumnos maiores, de ciclos, mostra que a xente nova consulta con moita frecuencia internet. Chatean, len xornais, baixan música, buscan información... A súa opinión é que utilizan habitualmente as dúas linguas castelán e galego para o Facebook, Instagram, Twiter.. e utilizarían máis o galego se o tivesen dispoñible. Outras veces, cando escriben a súa opinión nun blog, tamén o fan en galego. Desta enquisa constátase que estes alumnos consideran que teñen unha boa competencia lingüística nas dúas linguas, e que si puidesen utilizarían máis a lingua galega neste medio de comunicación.

2.4. Profesorado

Nestes momentos o número de profesores do centro é de 102, entre mestres, profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional. En canto á lingua empregada polo persoal docente, predomina o castelán no seu día a día aínda que tamén existen profesores/as que empregan o castelán para o contacto cos compañeiros pero imparten as súas clases en lingua galega.

2.5. Persoal non docente

O persoal non docente utiliza o galego nunha porcentaxe dun 50%, tanto cando se dirixen a profesores como cando están atendendo á xente que vén de fóra.

2.6. Documentación administrativa. Rotulación e cartelería

Todas as comunicacións que emite o centro para informar a toda a comunidade escolar están en galego. Os informes e modelos elaborados polo equipo directivo para a comunicación cos pais e alumnado así como o seguimento das titorías por parte do profesorado están en galego. Así mesmo, a comunicación do equipo directivo co profesorado, ben a través dos taboleiros das salas de profesores, ben a través do correo electrónico, establécese en galego.

3. OBXECTIVOS XERAIS DO PLC

3.1. OBXECTIVOS ORIENTADOS CARA AO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

- . Dar a coñecer o traballo dinamizador do equipo ao exterior.
- . Facer participe, na medida do posible, a toda a comunidade do traballo e dos logros conseguidos.
- . Promover o uso do galego en todos os espectáculos e manifestacións orais que se leven a cabo.
- . Normalizar o uso escrito do galego en todas as cuestións comerciais que se realicen desde secretaria.
- . Colaborar con institucións alleas ao centro.
- . Implicar as familias na normalización lingüística.

- . Concienciar á comunidade educativa da importancia de ter unha lingua propia como sinal de identidade.

- . Promover a investigación e a creación en galego.

3.2. OBXECTIVOS ORIENTADOS CARA PROFESORADO

- . Potenciar o uso oral e escrito entre os profesores que conforman o claustro.

- . Axudar a superar prexuízos contra a nosa lingua.

- . Proporcionar ao profesorado ferramentas de traballo en lingua galega.

- . Intentar que se sume o maior número de profesores posible á tarefa normalizadora

- . Implicar ao claustro en actividades que leven a valorización da nosa lingua.

- . Asesorar ao profesorado nas dúbidas de tipo lingüístico.

- . Animar á investigación e publicación en lingua galega.

3.3. OBXECTIVOS ORIENTADOS CARA AO ALUMNADO

- . Potenciar o uso oral da lingua entre o alumnado.

- . Potenciar o uso escrito da lingua galega.

- . Contribuir a desbotar todo tipo de prexuízos lingüísticos en contra do galego.

- . Mellorar as actitudes lingüísticas.

- . Comprometer na tarefa normalizadora ao maior número de alumnos/as posible.

- . Concienciar ao alumnado sobre a importancia de exercer o seu dereito a usar a súa propia lingua en todos os ámbitos.

- . Invitar ao alumnado a exercer de axentes normalizadores fóra do IES.

- . Animar á lectura en galego

- . Dar a coñecer os fondos da Biblioteca para un mellor aproveitamento deles.

- . Dar a coñecer a actividade editorial en lingua galega.

- . Fomentar a creatividade na nosa lingua.

- . Dar a coñecer a figura homenaxeada no día das Letras Galegas, así coma a doutros persoeiros da nosa cultura.

- . Aproximar ao alumnado a súa realidade cultural e social. Animalo a interesarse polas súas tradicións.

- . Achegar ao alumnado galego dunha forma lúdica, divertida.
- . Difundir entre os alumnos/as características e valores da nosa cultura.
- . Achegar ao alumnado a outras realidades galegas.
- . Promover o uso do galego nos traballos escolares.
- . Achegar o noso idioma e a nosa realidade cultural ao alumnado inmigrante.
- . Potenciar todo tipo de actividades emprendedoras a favor do noso idioma.
- . Facilitarlles direccións de páxinas web para que identifiquen o galego como lingua útil para navegar e comunicarse en internet.
- . Promover o uso do galego nas novas tecnoloxías e no uso das redes sociais

3.4. OBXECTIVOS ORIENTADOS Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- . Potenciar o uso oral e escrito da lingua galega.
- . Mellorar a calidade do idioma empregado.
- . Mellorar as actitudes cara á lingua.
- . Acadar a normalización da lingua no uso cotián do centro.
- . Comprometer na tarefa normalizadora ao maior número de membros da comunidade escolar.
- . Impulsar a realización de traballos de investigación en lingua galega.
- . Promover o uso do galego en carteis, murais e todo tipo de actividades que se realicen no centro.

Obsérvase que no noso centro a variedade diastrática que se emprega é o que se coñece como “galego popular”. Como é ben sabido, o galego estándar é considerado un tanto artificioso por boa parte dos falantes. Partindo desa idea non deixan de utilizar castelanismos, ás veces por ignorancia e, as máis, porque non lle dan importancia ao uso correcto dunha lingua.

Traballaremos co fin de depurar o idioma de toda clase de vulgarismos e interferencias e incidiremos no uso da lingua culta nos ámbitos formais orais e na escrita.

O equipo de normalización tamén intentará cambiar e mellorar as actitudes cara á lingua coa realización de actividades que vinculen esta fala coa modernidade e o progreso, como pode ser o emprego nos medios informáticos, nas novas tecnoloxías, en internet, nos traballos de investigación.

Para acadar a normalización no centro o EDL promoverá un servizo de asesoramento lingüístico para a redacción de todos os documentos oficiais e para a galeguización de calquera actividade. Intentarase con isto mellorar a calidade do idioma nos usos institucionais.

As actividades que o EDL realice serán difundidas a través do taboleiro deste Departamento e da páxina web do centro, coa finalidade non só de dálas a coñecer senón de recrutar ao maior número de

participantes posible, facendo que o equipo se abra así a todo tipo de iniciativas que poidan resultar interesantes.

3.5. MEDIDAS

Para acadar todos os obxectivos marcados, poñeranse en marcha unha serie de medidas, moitas con carácter plurianual. Algunhas delas xa se desenvolveron en anos anteriores e outras comezarán a realizarse neste curso escolar co ánimo de que se manteñan en anos posteriores.

As medidas que se tomarán son as seguintes:

- 1. Mellorar a calidade do idioma**, especialmente nos usos institucionais do IES Frei Martín Sarmiento. Para isto poñerase en marcha un servizo de asesoramento lingüístico.
- 2. Valorización do galego como lingua propia.** O ENDL fomentará o uso da lingua galega tanto a nivel escrito como oral. Incidirá tamén en que o alumnado asista a actos onde se empregue o noso idioma, como poden ser obras de teatro, exposicións, charlas, obradoiros...
- 3. Creación en lingua galega.** Celebraranse actividades que insistan no emprego da lingua en todos os campos da comunicación, non só na creación de tipo literario senón na elaboración de traballos de distintas materias, así como no emprego do galego na rede.
- 4. Mellorar as actitudes cara á lingua e a valorización da lingua estándar.** Levaranse a cabo distintas campañas de fomento do idioma como o de galeguizar o móbil ou o propio nome ou o PC.
- 5. Dinamizar o uso do galego de xeito que repercuta no exterior.** Publicarase a revista do instituto, acudirase a actos fóra do centro...
- 6. Proporcionarlle a todos os membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo.**

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

4.1 LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN TENDENTES Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS

As medidas concretas establecidas para levar adiante os obxectivos previstos neste curso 2019-2020 enúncianse seguidamente. Establecemos primeiramente as *dúas liñas xerais* que van orientar esas actuacións:

- deseño de planos e accións normalizadores orientados a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) e ao contorno do noso centro, apostando polas liñas de colaboración con entidades e asociacións locais comezadas en cursos pasados e que propiciaron unhas dinámicas tan positivas.
- deseño de planos e accións encamiñados á sensibilización no uso do galego que detecten, neutralicen e muden as actitudes lingüísticas negativas cara ao galego por parte de calquera membro da comunidade educativa.

De entre as múltiples medidas que se derivan dos eixos básicos de actuación inclúense tanto aquelas accións que pola súa envergadura e alcance na consecución dos obxectivos marcados precisan dun

financiamento extraordinario que non se pode afrontar mediante os recursos propios do centro, como aquelas outras actividades menos gravosas ou que non precisan de financiamento mais que inciden de igual xeito nas liñas de actuación marcadas.

De todos modos, a experiencia indica que ao longo do curso aparecerán novas propostas dos diferentes membros da comunidade escolar e das entidades e asociacións colaboradoras que enriquecerán este plano de traballo e que se incluírán debidamente na memoria de fin de curso.

4.2 ÁMBITOS E SECTORES CLAVE NO CENTRO

A análise destes parámetros no noso centro educativo e, dentro de cada ún, dos diferentes sectores de actividade, con posibles actuacións singulares que debemos ter en conta, permítenos coñecer os ámbitos de intervención.

4.2.1. Administración

Este nivel de intervención está constituído polas relacións do Centro coa Administración e os aspectos administrativos do propio Centro. Nel distinguimos os seguintes sectores de actuación:

- Sector 1: Actividade oficial e relacións coa administración

Os documentos oficiais escritos tales como arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos, certificados, actas de reunións, oficios, regulamentos, follas informativas e a documentación interna do centro están en galego.

Os documentos relativos á xestión económica do centro tales como recibos, facturas, inventarios, balances, documentos contables, etc. están escritos en galego.

A lingua da comunicación oral nos claustros, reunións de traballo, comisións, etc. é, en xeral, o castelán.

- Sector 2: Aspectos visuais

A rotulación externa e interna do centro, os horarios, os taboleiros de anuncios, a páxina web do centro, os carteis, as listaxes de prezos e menú do bar, os calendarios, a catalogación da biblioteca e do material audiovisual fanse en lingua galega.

4.2.2. Interacción didáctica

Este apartado analiza a rede de relacións interpersoais que se establecen na comunicación educativa.

- Sector de actuación dos docentes: o docente é promotor dos usos lingüísticos pola adecuación, propiedade e corrección da lingua que utiliza, pola variedade de funcións para as cales usa a lingua e polas actitudes que mantén cara á lingua e a súa recuperación e a dinámica que é capaz de pór en marcha. No noso centro a actuación dos docentes desenvólvese en galego en todas aquelas materias que indica a normativa, e nunha pequena porcentaxe daquelas en que non está prescrita.

- Sector dos materiais didácticos: os libros de texto e os materiais didácticos dos diferentes departamentos están en galego (na medida en que o permite a lei) e incorporan os usos necesarios para actuar na nosa lingua en todos os ámbitos da actividade social.

- Sector do clima na clase: no noso instituto favorécese unha actitude de integración e de valoración da nosa lingua e cultura a través da rotulación, os símbolos e adornos dentro da clase, o taboleiro de anuncios, os murais, calendarios, horarios e carteis .

4.2.3. Relación co contexto sociofamiliar

Neste ámbito analízase a rede de relacións interpersoais que se establecen na comunicación educativa. Distinguimos dous sectores de actuación:

- Comunicacións orais: a atención ao público en reunións con familias, intervencións en actos oficiais, actividades extraescolares, intervencións nos medios de comunicación, campañas informativas do centro, semanas ou xornadas culturais, celebracións, actuacións teatrais e musicais, etc. desenvólvese en galego.

- Comunicacións escritas: as circulares, follas informativas ás familias, notas de prensa, anuncios, autoadhesivos, cartas, prensa da escola, páxinas web, blogs, etc. están escritos en galego.

As **liñas de actuación** teñen como finalidade acadarmos o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOMCE, no relativo ao fomento do plurilingüismo. Este obxectivo é *“acadar por parte do alumnado das diferentes etapas, unha boa competencia nas dúas linguas ,galego e castelán. Este é o resultado que se espera nun programa de bilingüismo activo que lle permita ao alumnado empregar con fluidez e competencia calquera das dúas linguas na vida social”* .

4.3. LIÑAS DE ACTUACIÓN POSTAS EN PRÁCTICA POR SECTORES

4.3.1. Alumnado

- Fomentar actitudes positivas cara ó galego entre os alumnos co obxectivo de evitar que abandonen o seu uso oral no rexistro coloquial cando saen do seu entorno próximo e que afiancen o seu uso culto tanto oral como escrito.

- Fomentar o recoñecemento entre o alumnado do súa propia variedade dialectal como unha forma completamente válida do galego; para evitar que abandonen o seu uso fóra do seu entorno inmediato.

- Procurar que o alumnado manteña a fonética galega xa que nos modelos de emprego culto do galego

(políticos, actores de televisión, profesores, etc.) predomina o uso da fonética castelá.

- Valorar o uso correcto da lingua galega na súa expresión oral e escrita (traballos, actividades, traducións...) naquelas áreas en que o profesor ou profesora imparta a súa materia no idioma galego.

4.3.2. Profesorado

- Asumir por parte do profesorado (claustro e equipo directivo) o desenvolvemento dun programa lingüístico coherente que apoie o obxectivo xeral marcado na LNL e na LOMCE.

- Fomentar a formación do profesorado na nova normativa do galego e facilitarlle o material necesario ou ferramentas para a súa consulta.

- Ofrecer axuda lingüística a todo o profesorado mediante a creación de fichas de dúbidas lingüísticas.

- Asesorar ao profesorado na elaboración de material didáctico en galego.

4.3.3. Ambientalidade

- Explicar á comunidade educativa (profesores, persoal non docente, alumnos e familias) o PLC, buscando a súa implicación no seu desenvolvemento e aplicación.

- Asegurar o emprego do galego, na medida do posible, na meirande parte do material didáctico, nas actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (plan de TICs), así como en todas as actividades extraescolares que se realicen, sexan dentro do centro (conferencias, teatro...) ou fóra del (excursión, saídas).

- Asegurar que as aplicacións ofimáticas de uso común de todos os equipos informáticos do centro conteñen correctores ortográficos operativos e actualizados de galego e castelán.

- Asesorar aos responsables da biblioteca do centro no emprego do galego.

- Asesorar aos responsables do equipo directivo do centro para que toda a documentación siga estando redactada en galego.

- Asesorar no correcto uso do galego ó persoal administrativo que o demande.

4.3.4. Contorno

- Divulgar e participar, na medida do posible, nas iniciativas de calquera entidade ou órgano (Concellos, Centros de Educación, Compañías de Teatro,...) a prol da lingua galega.

- Divulgar todo o material que reciba o EDL cara á normalización da lingua galega.

- Divulgar as novas que supoñan un avance cara á normalización do galego.

- Solicitar, na medida do posible, que as comunicacións das empresas e entidades co centro (facturas, publicidade, notas informativas, etc.) sexan en galego.

- Buscar a colaboración doutros centros da zona para a planificación de actividades conxuntas no ámbito da normalización lingüística.

- Revisar e actualizar anualmente os datos da enquisa sociolingüística.

5. DECISIÓN RESPECTO DAS LINGUAS DE IMPARTICIÓN NAS DIFERENTES ÁREAS, MATERIAS E ÁMBITOS

O centro aplica o establecido no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo. Recóllense para cada curso, en forma de táboa, as linguas en que deben impartirse as diferentes materias que o compoñen. Ao final de cada táboa preséntanse as horas totais.

Segundo o que establece o decreto antes citado, nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

Alén diso, e seguindo unha vez máis o fixado polo decreto, en todas as áreas, materias ou módulos, agás nas sinaladas no parágrafo anterior e nas materias de linguas estranxeiras, o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante o anterior, procurarase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área, materia ou módulo

A oferta lingüística do IES Frei Martín Sarmiento é a seguinte:

ESO	1º ESO	2ºESO	3ºESO	4º ESO iti. A	4º ESO itin.B	4º ESO itin.C
Bioloxía e Xeoloxía	4 (G)		2 (G)	3 (G)	3 (G)	
Ciencias Aplicadas á actividade profesional						3(G)
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3(G)	3 (G)	3 (G)	3 (G)	3 (G)	
Cultura Científica					3 (G)	3 (G)
Cultura Clásica			2 (G)			
Economía					3 (G)	3 (G)
Educación Física	2 (G)	2 (G)	2 (G)	2 (C)	2 (C)	2 (C)
Educación Plástica e Visual	2 (C)		2 (C)	3 (G)		3 (G)
Física e Química		3 (C)	2 (C)	3 (C)	3 (C)	3 (C)
Iniciativa á Actividade Emprendedora						
Latín					3 (C)	(3C)
Libre configuración: Taller lector, Obradoiro de Música, Programación	1(G)					
Libre configuración: Oratoria		1 (G)				
Lingua Castelá e Literatura	4 (C)	3 (C)	3 (C)	3 (C)	3 (C)	3 (C)
Lingua Galega e Literatura	4 (G)	3 (G)	3 (G)	3 (G)	3 (G)	3 (G)
Matemáticas	5 (C)	5 (C)	4 (C)			
Matemáticas Académicas				4 (C)	4 (C)	4 (C)
Matemáticas Aplicadas						4 (C)
Música		2 (G)	2 (G)		3 (C)	3 (C)
Primeira Lingua estranxeira: Inglés	3 -	3 -	3 -	3 -	3 -	3 -
Reforzo (exención Francés)	2 -	2 -				
Relixión Católica	1 (C)	1 (C)	1 (C)		1 (C)	1 (C)
Segunda Lingua estranxeira: Francés	2 -	2 -	2 -		3 -	3 -
Tecnoloxía		3 (C)	2 (C)		3 (C)	3 (C)
Tecnoloxías da Información e Comunicación				3 (C)	3 (C)	3 (C)
Titoría	1 (G)	1 (G)	1 (G)	1 (G)	1 (G)	1 (G)
Valores éticos	1 (G)	1 (G)	1 (G)	1 (G)	1 (G)	1 (G)
TOTAL HORAS	32	32	32	32	32	32
CASTELÁN	44,5%	48,2%	48,2%	46,6%	50 %	50%
GALEGO	55,5%	51,8%	51,8%	53,4%	50 %	50%

BACHARELATO	1º artes	1º hum	1º cien	2º artes	2º hum	2º cienc
Afondamentos/reforzos		1 (G)	1 (G)		1 (G)	1 (G)
Afondamentos/reforzos		1 (G)				
Análise musical I e II	3 (C)			3 (C)		
Artes escénicas				4 (C)		
Anatomía aplicada			3 (C)			
Antropoloxía		2 (C)				
Bioloxía						4 (C)
Bioloxía e Xeoloxía			4 (G)			
CC da terra e do medioambiente						3 (C)
Cultura Audiovisual I	4 (G)					
Cultura Audiovisual II				4 (G)		
Cultura Científica		2 (C)	2 (C)			
Debuxo Artístico I e II	3 (C)			3 (C)		
Debuxo Técnico I e II			4 (G)			4 (G)
Deseño				4 (G)		
Educación Física	2 (C)	2 (C)	2 (C)			
Economía		4 (G)				
Economía de empresa					4 (G)	
Filosofía	3 (G)	3 (G)	3 (G)			
Física						4 (C)
Física e Química			4 (C)			
Fundamentos da arte I e II	4 (G)			4 (G)		
Francés					3 -	
Historia da arte					4 (G)	
Historia da filosofía					4 (G)	
Historia da música e da danza				3 (C)		
Historia de España				3 (G)	3 (G)	3 (G)
Historia do mundo contemporáneo	4 (C)	4 (C)				
Imaxe e Son				3 (C)		
Latín I e II		4 (G)			4 (C)	
Lingua castelá e literatura I e II	3 (C)	3 (C)	3 (C)	3 (C)	3 (C)	3 (C)
Lingua estranxeira I: inglés	3 -	3 -	3 -	3 -	3 -	3 -
Lingua galega e literatura I e II	3 (G)	3 (G)	3 (G)	3 (G)	3 (G)	3 (G)
Linguaxe e práctica musical	3 (C)					
Literatura universal	4 (C)	4 (C)				
Matemáticas I			4 (G)			
Matemáticas II						4 (G)
Matemáticas aplicadas ás CCSS		4 (G)			4 (C)	
Métodos estatísticos e numéricos						2 (G)
Patrimonio artístico e cultural de Galicia				2(G)		
Psicoloxía					3 (C)	3 (C)
Química						4 (C)
Relixión Católica		1 (C)	1 (C)			
Robótica			2 (C)			
Tecnoloxía Industrial I e II			3 (C)			3 (C)
Tecnoloxías da información e comunicación I		2 (C)	2 (C)			
Tecnoloxías da información e comunicación II					3 (C)	3 (G)
Xeoloxía						4 (C)
Xeografía					4 (C)	
Volume	3 (C)					
2ª lingua estranxeira: Francés		2 -			3 -	3 -
TOTAL HORAS	32	32	32	32	32	32
CASTELÁN (Comúns, opción e optativas)	51,7%	48,2%	50%	44,9%	48,3%	48,3%
GALEGO	48,3%	51,8%	50%	55,1%	51,7%	51,7%

DEPARTAMENTO: ELECTRICIDADE

	MATERIA	ABREV.	CURSO	CLASES/ SEMAN.	LINGUA IMPARTICI3N
	CICLO MEDIO DE INSTALACI3NS EL3CTRICAS E AUTOMATICAS	ELECTROTECNIA	EL	1 ^o	8
INSTALACI3NS EL3CTRICAS INTERIORES		IEI	1 ²	12	Galego
AUTOMATISMOS INDUSTRIAIS		AIN	1 ²	8	Castel3n
ELECTR3NICA		ELE	1 ²	4	Galego
FOL		FOL	1 ²	4	Castel3n
INSTALACI3NS DE DISTRIBUCI3N		IDI	2 ²	9	Castel3n
INFRAESTRUCTURAS COM3NS DE TELECOMUNICACI3NS EN VIVENDAS E EDIFICIOS		ICT	2 ²	7	Galego
INSTALACI3NS DOM3TICAS		IDO	2 ²	7	Castel3n
INSTALACI3NS SOLARES FOTOVOLTAICAS		ISO	2 ²	3	Galego
M3QUINAS EL3CTRICAS		MAE	2 ²	7	Galego
EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA		EIE	2 ²	3	Galego
		TOTAL HORAS			72
REPARTO:	GALEGO: 50%		CASTEL3N: 50%		
C. SUPERIOR DE SISTEMAS ELECTROTECN. E AUTOMATIZ.	PROCESOS EN INSTALACI3NS DE INFRAESTRUCTURAS COM3NS DE TELECOMUNICACI3NS	PIICT	1 ²	7	Castel3n
	T3CNICAS E PROCESOS EN INSTALACI3NS EL3CTRICAS	TPIE	1 ²	9	Galego
	SISTEMAS E CIRCUITOS EL3CTRICOS	SCE	1 ²	8	Castel3n
	T3CNICAS E PROCESOS EN INSTALACI3NS DOM3TICAS E AUTOM3TICAS	TPIDA	1 ²	8	Galego
	FOL	FOL	1 ²	4	Castel3n
	DOCUMENTACI3N T3CNICA EN INSTALACI3NS EL3CTRICAS	DOC	2 ²	6	Castel3n
	DESENVOLVEMENTO DE REDES EL3CTRICAS E CENTROS DE TRANSFORMACI3N	DRE	2 ²	7	Galego
	CONFIGURACI3N DE INSTALACI3NS DOM3TICAS E AUTOM3TICAS	DOM	2 ²	8	Castel3n
	CONFIGURACI3N DE INSTALACI3NS EL3CTRICAS	CIE	2 ²	8	Galego
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	EIE	2 ²	3	Galego
	XESTI3N DA MONTAXE E DO MANTEMENTO DE INSTALACI3NS EL3CTRICAS	XMM	2 ²	4	Castel3n
	TOTAL HORAS			72	
REPARTO:	GALEGO: 48,6%		CASTEL3N: 51,3 %		

DEPARTAMENTO: ELECTRICIDADE-MODULAR					
CICLO MEDIO DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS	MATERIA	ABREV.	CURSO	CLASES/ SEMAN.	LINGUA IMPARTICIÓN
	ELECTROTÉCNIA	EL	1º	8	Castelán
	INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIORES	IEI	1	12	Galego
	AUTOMATISMOS INDUSTRIAIS	AIN	1	8	Castelán
	ELECTRÓNICA	ELE	1	4	Castelán
	FOL	FOL	1	4	Galego
	INSTALACIÓN DE DISTRIBUCIÓN	IDI	2	9	Galego
	INFRAESTRUCTURAS COMÚNS DE TELECOMUNICACIÓN EN VIVENDAS E EDIFICIOS	ICT	2	7	Galego
	INSTALACIÓN DOMÓTICAS	IDO	2	7	Castelán
	INSTALACIÓN SOLARES FOTOVOLTAICAS	ISO	2	3	Castelán
	MÁQUINAS ELÉCTRICAS	MAE	2	7	Castelán
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	EIE	2	3	Galego
				TOTAL HORAS	72
REPARTO:	GALEGO: 51,3%		CASTELÁN: 48,6%		

DEPARTAMENTO: IMAXE PERSOAL					
CICLO MEDIO DE PEITEADO E COSMETICA CAPILAR	MATERIA	ABREV.	CURSO	CLASES/SE MAN.	LINGUA IMPARTICIÓN
	ANÁLISE CAPILAR	AC	1 ²	4	Castelán
	PEITEADO E ESTILISMO MASCULINO	PEM	1 ²	3	Castelán
	COSMÉTICA PARA PEITEADO	CP	1 ²	6	Castelán
	ESTÉTICA DE MANS E PÉS	EMP	1 ²	4	Galego
	FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	FOL	1 ²	4	Castelán
	IMAXE CORPORAL E HÁBITOS SAUDABLES	IMC	1 ²	5	Galego
	PEITEADOS E RECOLLIDOS	PR	1 ²	10	Galego
	COLORACIÓN CAPILAR	CC	2 ²	12	Galego
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	EIE	2 ²	3	Castelán
	MÁRKETING E VENDA EN IMAXE PERSOAL	MKT	2 ²	4	Castelán
	CAMBIOS DE FORMA PERMANENTE DO CABELO	CFP	2 ²	5	Galego
	TÉCNICAS DE CORTE DO CABELO	TCC	2 ²	12	Castelán
		TOTAL HORAS		72	
REPARTO	CASTELÁN: 50 %		GALEGO: 50 %		
CICLO MEDIO DE ESTETICA PERSOAL DECORATIVA	ANÁLISE ESTÉTICA	ANÁLISE	1 ²	4	Castelán
	TÉCNICAS DE HIXIENE FACIAL E CORPORAL	HIX	1 ²	7	Galego
	MAQUILLAXE	MAQ	1 ²	6	Castelán
	ESTÉTICA DE MANS E PÉS	UÑAS	1 ²	4	Castelán
	IMAXE COPORAL E HÁBITOS SAUDABLES	IMAXE	1 ²	5	Galego
	COSMETOLOXÍA PARA ESTÉTICA E BELEZA	COSMET	1 ²	6	Galego
	FOL	FOL	1 ²	4	Castelán
	DEPILACIÓN MECÁNICA E DESCOLORACIÓN DA PELUXE	DEPIL.	2 ²	8	Castelán
	TÉCNICAS DE UÑAS ARTIFICIAIS	TÉCN. UÑAS	2 ²	6	Galego
	ACTIVIDADES EN CABINA DE ESTÉTICA	ACTIVID.	2	9	Galego
	PERFUMARÍA E COSMÉTICA NATURAL	PERFUM.	2	6	Castelán
	MARKETING E VENDA EN IMAXE PERSOAL	MARKETING	2	4	Castelán
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	EIE	2	3	Galego
		TOTAL HORAS		72	

REPARTO	CASTELÁN: 50%	GALEGO: 50%
---------	---------------	-------------

DEPARTAMENTO: IMAXE PERSOAL					
CICLO SUPERIOR ESTETICA INTEGRAL E BENESTAR	MATERIA	ABREV.	CURSO	CLASES/SE MAN.	LINGUA IMPARTICIÓN
	APARELLOS DE ESTÉTICA	AE	1 ²	5	Galego
	COSMÉTICA APLICADA A ESTÉTICA E BENESTAR	COS	1 ²	7	Castelán
	DERMOESTÉTICA	DERM	1 ²	6	Castelán
	FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	FOL	1 ²	4	Castelán
	MASAXE ESTÉTICA	MASX	1 ²	9	Galego
	PROCESOS FISIOLÓXICOS E DE HIXIENE EN IMAXE PERSOAL	PFH	1 ²	5	Galego
	DEPILACIÓN AVANZADA	DEP	2 ²	7	Galego
	DRENAXE ESTÉTICA E TÉCNICAS POR PRESIÓN	DRE	2 ²	5	Castelán
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	EIE	2 ²	3	Galego
	ESTÉTICA HIDROTÉRMAL	EHT	2 ²	7	Castelán
	MICROPIGMENTACIÓN	MICRO	2 ²	6	Castelán
	TRATAMENTOS ESTÉTICOS INTEGRAIS	TEI	2 ²	8	Galego
	TOTAL HORAS		72		
REPARTO	CASTELÁN: 48,61%		GALEGO: 51,38%		
CICLO MEDIO DE PEITEADO OFERTA MODULAR	ANÁLISE CAPILAR	AC	1 ²	4	Galego
	CAMBIOS DE FORMA PERMANENTE DO CABELO	CFP	1 ²	3	Castelán
	COSMÉTICA PARA PEITEADO	CP	1 ²	6	Galego
	ESTÉTICA DE MANS E PÉS	EMP	1 ²	4	Galego
	PEITEADO E ESTILISMO MASCULINO	PEM	2 ²	3	Castelán
	IMAXE CORPORAL E HÁBITOS SAUDABLES	IMC	1 ²	5	Galego
	PEITEADOS E RECOLLIDOS	PR	1 ²	10	Castelán
	COLORACIÓN CAPILAR	CC	2 ²	8	Galego
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	EIE	2 ²	2	Castelán
	MÁRKETING E VENDA EN IMAXE PERSOAL	MKT	2 ²	3	Galego
	FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	FOL	2 ²	4	Castelán
	TÉCNICAS DE CORTE DO CABELO	TCC	2 ²	8	Castelán
		TOTAL HORAS		60	

DEPARTAMENTO: MECANIZADO

CICLO MEDIO DE MECANIZADO	MATERIA	ABREV.	CURSO	CLASES/ SEMAN.	LINGUA IMPARTICIÓN
	PROCESOS DE MECANIZADO	PM	1 ²	6	Castelán
	INTERPRETACIÓN GRÁFICA	IG	1 ²	5	Galego
	SISTEMAS AUTOMATIZADOS	SIA	1 ²	6	Castelán
	FABRICACIÓN POR ARRANQUE DE LABRA	FAL	1 ²	15	Galego
	FOL	FOL	1 ²	3	Castelán
	MECANIZADO POR CONTROL NUMÉRICO	MCN	2 ²	18	Galego
	FABRICACIÓN POR ABRASIÓN, ELECTROEROSIÓN, CORTE E CONFORMADO. E POR PROCESOS ESPECIAIS	FAE	2 ²	8	Castelán
	METROLOXÍA E ENSAIOS	MEE	2 ²	7	Castelán
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	EIE	2 ²	4	Castelán
TOTAL HORAS				72	
REPARTO	CASTELÁN: 47,2%		GALEGO: 52,7%		
CICLO DE FORMACIÓN PROF. BÁSICA FABRICACIÓN E MONTANXE	CARPINTERÍA DE ALUMINIO E PVC	CARPAL	1 ²	6	Castelán
	OPERACIÓNS BÁSICAS DE FABRICACIÓN	OBFAB	1 ²	6	Galego
	SOLDADURA E CARPINTARÍA METÁLICA	Tito	1 ²	6	Galego
	COMUNICACIÓN E SOCIEDADE I	Comunic.	1	7	Castelán
	CIENCIAS APLICADAS	Ciencias	1º	6	Galego
	CIENCIAS APLICADAS II	Ciencias	2º	7	Galego
	COMUNICACIÓN E SOCIEDADE II	Comunicac	2º	6	Castelán
	FONTANARÍA E CALEFACCIÓN BÁSICA	Font.	2º	7	Galego
	MONTAXE DE EQUIPAMENTOS DE CALEFACCIÓN	Mont.Equip	2º	4	Galego
	REDES DE EVACUACIÓN	Redes	2º	7	Castelán
REPARTO	CASTELÁN: 48,38%		GALEGO: 51,61%		

DEPARTAMENTO: SANITARIA

DEPARTAMENTO: SANITARIA					
CICLO MEDIO DE CUIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERIA GRUPO A	MATERIA	ABREV.	CURSO	CLASES/SE MAN.	LINGUA IMPARTICIÓN
	OPERACIONES ADMINISTRATIVAS E DOCUMENTACION SANITARIA	OADS	1 ²	2	Galego
	TÉCNICAS BÁSICAS DE ENFERMERÍA	TBE	1 ²	12	Castelán
	HIXIENE DO MEDIO HOSPITALARIO E LIMPEZA DE MATERIAL	HHLP	1 ²	8	Galego
	PROMOCION DA SAUDE E APOIO PSICOLOXICO O PACIENTE	PSAP	1 ²	5	Castelán
	TÉCNICAS DE AXUDA ODONTOLOXICA/ESTOMATOLOXICA	TAOE	1 ²	5	Galego
	FOL	FOL	1 ²	2	Galego
	RET	RET	1 ²	2	Galego
TOTAL HORAS			36		
REPARTO:	GALEGO: 52,77%		CASTELÁN: 47,22%		
CICLO MEDIO DE CUIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERIA GRUPO B	OPERACIONES ADMINISTRATIVAS E DOCUMENTACION SANITARIA	OADS	1 ²	2	Galego
	TÉCNICAS BÁSICAS DE ENFERMERÍA	TBE	1 ²	12	Castelán
	HIXIENE DO MEDIO HOSPITALARIO E LIMPEZA DE MATERIAL	HHLP	1 ²	8	Galego
	PROMOCION DA SAUDE E APOIO PSICOLOXICO O PACIENTE	PSAP	1 ²	5	Castelán
	TÉCNICAS DE AXUDA ODONTOLOXICA/ESTOMATOLOXICA	TAOE	1 ²	5	Galego
	FOL	FOL	1 ²	2	Galego
	RET	RET	1 ²	2	Galego
	TOTAL HORAS			36	
REPARTO:	GALEGO: 52,77%		CASTELÁN: 47,22%		

DEPARTAMENTO: SANITARIA					
CICLO SUPERIOR DE LABORATORIO DE DIAGNOSTICO CLINICO	MATERIA	ABREV.	CURSO	CLASES/SE MAN.	LINGUA IMPARTICIÓN
	XESTIÓN DE MOSTRAS BIOLÓXICAS	XESTION	1	8	Galego
	TÉCNICAS XERAIS DE LABORATORIO	TEC.LAB	1	9	Galego
	FISIOPATOLOXÍA XERAL	FISIOP.	1	8	Castelán
	FOL	FOL	1	4	Castelán
	BIOLOXÍA MOLECULAR E CITOXENÉTICA	BIOL.MOC	1	7	Castelán
	ANÁLISE BIOQUÍMICA	ANÁLISE	2	10	Castelán
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	EMPR.	2	3	Castelán
	TÉCNICAS DE INMUNODIAGNÓSTICO	TÉC.	2	4	Castelán
	MICROBIOLOXÍA CLÍNICA	MICROBIO.	2	9	Galego
	TÉCNICAS DE ANÁLISE HEMATOLÓXICA	TÉC.ANÁL.	2	10	Galego
		TOTAL HORAS		72	
REPARTO:	GALEGO: 50%		CASTELÁN: 50%		
CICLO SUPERIOR DE DIETÉTICA	ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA ÁREA DE TRABALLO ASIGNADA NA UNIDADE/ GABINETE DE DIETÉTICA	OXGD	1	4	Galego
	ALIMENTACIÓN EQUILIBRADA	ALIM	1	12	Galego
	CONTROL ALIMENTARIO	CONT	1	8	Castelán
	FISIOPATOLOXIA APLICADA Á DIETÉTICA	FADI	1	8	Castelán
	FOL	FOL	1	2	Galego
	RET	RET	1	2	Castelán
	DIETOTERAPIA	DIET	2	12	Galego
	EDUCACIÓN SANITARIA E PROMOCIÓN DA SAUDE	EDS	2	7	Galego
	MICROBIOLOXIA E HIXIENE ALIMENTARIA	MHA	2	12	Castelán
	PROXECTO INTEGRADO	PI	2	5	Castelán
		TOTAL HORAS		72	
REPARTO:	GALEGO: 51,38%		CASTELÁN: 48,61%		

DEPARTAMENTO: SANITARIA / OFERTA MODULAR

CICLO MEDIO DE CUIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA OFERTA MODULAR	MATERIA	ABREV.	CURSO	CLASES/SE MAN.	LINGUA IMPARTICIÓN
	HIXIENE DO MEDIO HOSPITALARIO E LIMPEZA DE MATERIAL	HHP	1 ²	8	Castelán
	OPERACIONES ADMINISTRATIVAS E DOCUMENTACION SANITARIA	OADS	1 ²	2	Galego
	PROMOCION DA SAUDE E APOIO PSICOLOXICO O PACIENTE	PSAP	1 ²	5	Castelán
	TÉCNICAS DE AXUDA ODONTOLOXICA/ESTOMATOLOXICA	TAOE	1 ²	5	Galego
	TÉCNICAS BÁSICAS DE ENFERMERÍA	TBE	1 ²	12	Galego
	FOL	FOL	1 ²	2	Castelán
	RET	RET	1 ²	2	Castelán
		TOTAL HORAS		36	
REPARTO:	GALEGO: 52,77%		CASTELÁN: 47,22%		
CICLO SUPERIOR DE LABORATORIO DE DIAGNOSTICO CLINICO OFERTA MODULAR	ANÁLISE BIOQUÍMICA	ANÁLISE	1 ²	7	Castelán
	BIOLOXÍA MOLECULAR E CITOXENÉTICA	BIOL.MOLE C.	1 ²	7	Galego
	FOL	FOL	1 ²	4	Galego
	FISIOPATOLOXÍA XERAL	FISIOP.XER AL	2 ²	8	Castelán
	MICROBIOLOXÍA CLÍNICA	MICROBIO.	2 ²	6	Galego
	TÉCNICAS DE ANÁLISE HEMATOLÓXICA	TÉC.ANÁL.	2 ²	7	Galego
	TÉCNICAS DE INMUNODIAGNÓSTICO	TÉC. INMUNO		2	Castelán
	TÉCNICAS XERAIS DE LABORATORIO	TÉC. XER		9	Castelán
	XESTIÓN DE MOSTRAS BIOLÓXICAS	XESTIÓN		8	Castelán
	EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	PI	2 ²	2	Castelán
		TOTAL HORAS		60	

REPARTO:

GALEGO: 56,6%

CASTELÁN: 43,62%

Responsables

6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

6.1. Exencións

Cumprirase o que se establece nos artigos 18º e 19º do Decreto 79/2010:

Artigo 18º.-Exención da cualificación das probas de lingua galega

1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

2. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

3. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.

4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.

5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.

6. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

Artigo 19º.-Solicitudes de exención.

1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.

2. As solicitudes de exencións dirixiranse aos directores/as dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No caso dos centros privados e privados concertados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos a que estean adscritos.

3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

6.2. Medidas de carácter xeral

Atendendo ao descrito no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, establécense as seguintes medidas:

- Reforzo educativo (profesor da materia).
- ✓ Apoio educativo na aula de Pedagogía Terapéutica.
- ✓ Exención de francés e reforzo lingüístico (alumnado de 1º e 2º de ESO proposto).
- ✓ Agrupamentos Específicos (en 1º e 2º de ESO).
- ✓ Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento de dous anos de duración (2º e 3º ESO) ou Convocatoria Arco
- ✓ Adaptacións Curriculares Significativas (no caso de ser necesarias).
- ✓ Programa de adquisición de competencia lingüística para alumnado estranxeiro que descoñece as linguas da nosa comunidade (no caso de ser necesarios).
- ✓ Contamos co contrato-programa na modalidade de acompañamento escolar fóra do horario de clase para aqueles alumnos de 1º e 2º de ESO que o necesitan. Teñen dous días á semana dúas horas de clase cun profesor/a externo/a ao noso centro; o seu labor é de axuda ao estudo e ademais interrelaciónase con outros profesores para que a súa axuda sexa efectiva.

6.3. Departamentos de Lingua Galega e de Lingua Castelá

- ✓ Agrupamento Específico en Lingua Galega e Lingua Castelá en 1º e 2º de ESO.
- ✓ Reforzo educativo por parte do profesor de cada materia, mediante exercicios adicionais específicos. Este reforzo ten como principal destinatario alumnado estranxeiro.
- ✓ No caso de alumnos estranxeiros, que se incorporan a cursos baixos e que descoñecen totalmente a lingua galega e a lingua castelá, faise unha inmersión lingüística cun profesor ou profesora de lingua que teña horas para dedicarlle.

Este curso temos concedidas exencións nas cualificacións da materia de lingua galega en todos os cursos da ESO. En todos os casos os profesores de lingua galega adoptaron as medidas necesarias para a súa progresiva adaptación ao proceso de adquisición do galego:

- ✓ Detección de problemas que requiran un tratamento específico.
- ✓ Atención personalizada das súas dificultades de adquisición de competencia lingüística.
- ✓ Adaptación de metodoloxías e contidos para a adquisición da competencia lingüística.
- ✓ Actividades con textos (lectura comprensiva) e, no estudo gramatical, con enunciados sinxelos.
- ✓ Actividades sobre as interferencias lingüísticas entre o galego e o castelán.

6.4. Departamentos de Linguas Estranxeiras

Reforzo con división do grupo na materia de Inglés para 1º de ESO.

6.5. Actividades de ampliación e reforzo

É preciso atender os diversos ritmos e capacidades do alumnado. O noso enfoque irá dirixido a proporcionar ao alumnado con máis deficiencias ou problemas de aprendizaxe nas linguas oficiais recursos variados que axuden a melloraren a súa adquisición lingüística.

Con este fin realizaranse as seguintes actividades:

- ✓ Actividades específicas para cada unidade que poden ser seleccionadas polo profesorado para complementaren as do libro de texto e ser adaptadas segundo as necesidades que se presenten.
- ✓ Materiais de repaso de contidos impartidos en cursos anteriores.
- ✓ Esquemas e resumos de aspectos fundamentais da materia.
- ✓ Textos que permitan a diversificación do traballo dos alumnos.

Estas medidas non deben supór de ningún xeito unha redución ou condensación dos contidos esixibles, xa que tal estratexia só contribuiría a erosionar a preparación do alumnado de cara aos seus estudos posteriores.

7. ACTIVIDADES PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

7.1. Lingua galega e lingua castelá

- Actividades de mellora da competencia lectora mediante lectura na aula, textos íntegros de lectura obrigatoria, lectura en alta voz na aula, lecturas dramatizadas e exercicios sobre material xornalístico.
- Actividades de mellora da competencia de expresión oral: elaboración de discursos, exposicións na aula e debates.
- Actividades de mellora da competencia escrita: redacción de distintos tipos de textos, traballo particular no dominio da coherencia e a cohesión textual mediante a produción de textos.
- Traballo con textos (lectura comprensiva, observación e anotación, análise, comentario) e, no estudo gramatical, traballo con enunciados sinxelos pero debidamente contextualizados.
- Desde o departamento de lingua castelá, teñen asignado un día á semana

de lectura do xornal “*La Voz de Galicia*” e cada alumno dispón dun exemplar para traballar na aula.

- Traballo sobre as interferencias lingüísticas entre o galego e o castelán para diferenciar as formas e os usos correctos en cada unha das dúas linguas oficiais.
- Actividades de axuda ao alumnado para inducir e sistematizar de xeito adecuado os contidos lingüísticos programados.
- Consolidación dos coñecementos e capacidades adquiridas mediante actividades e prácticas específicas.
- Síntese individualmente ou por grupos reducidos (mediante resumos, esquemas, mapas conceptuais, etc.) dos conceptos que aparezan na fase anterior.
- Combinación convenientemente, segundo os contidos de que se trate, do traballo individual do alumno coas actividades de carácter colectivo ou de grupo.
- Estudo en cada caso concreto da posibilidade de trasladar fóra da aula algunha das actividades programadas, segundo as dispoñibilidades.
- Utilización de mecanismos como a lectura e o comentario dun texto pertinente, o debate aberto sobre algún aspecto relativo ao tema, proxecións de vídeo, etc. (a participación do alumnado nestas actividades realizarase en gran grupo).
- Aclaración da información que se considere pertinente mediante exposicións, resumos, etc., de forma que o alumno dispoña en calquera caso dun esquema claro dos contidos da unidade.
- Aplicación dunha metodoloxía de aprendizaxe significativa, tomando como punto de partida o coñecemento previo.
- Adaptación de contidos e metodoloxías atenta ás deficiencias particulares en canto á competencia lingüística.
- Atención personalizada do alumnado con dificultades de adquisición de competencia lingüística e detección de problemas que requiren un tratamento específico.
- Reflexión na aula sobre a riqueza que supón o bilingüismo, orientada a xerar unha actitude positiva e unha sensibilidade cara ás linguas.
- Traer conferenciantes/escritores en lingua galega, normalmente, algún autor do que os alumnos leron a súa obra; esta actividade faise en colaboración con algunha editorial galega.
- Sidas cos alumnos á representación dunha obra teatral en galego é

outra actividade que se fai anualmente.

7.2. Aula de Pedagogía Terapéutica

- ✓ Actividades de mellora da competencia lectora: exactitude, velocidade e comprensión.
- ✓ Lectura de libros na clase.
- ✓ Actividades de mellora da competencia escrita:
 - Ortografía /puntuación.

 - Corrección da disgrafía.
 - Corrección de erros de tipo disléxico.
 - Características de distintos tipos de textos.

√ Composición escrita: expresión, redacción, coherencia...

As actividades que se achegan están encamiñadas ao desenvolvemento e fomento da lectura, escritura, a fala, a reflexión sobre a lingua e a adquisición de conceptos gramaticais, ortográficos e sintácticos propios das dúas linguas oficiais.

Apórtanse actividades acordes ao nivel curricular e/ou nivel que lle corresponde por idade, segundo a modalidade educativa do alumnado e/ou as medidas de atención á diversidade.

Actividades para o desenvolvemento da expresión oral e situacións comunicativas na aula

√ Proxeccións de vídeos educativos en formato multimedia;
posteriormente exponse oralmente o seu contido...,preguntas, opinións..

√ Recursos didácticos: vídeos multimedia, contos, lendas, refráns...

Actividades para o desenvolvemento da comunicación escrita

√ Eliximos un personaxe e intentamos narrar un pequeno conto. Que lle pasa?, Cando e onde sucedeu?, como se resolveu a situación?..., unha vez estruturado o conto, escribímolo.

√ Recursos didácticos: “Taller de produción de textos”. Editorial CEPE.

Actividades específicas para a corrección de alteracións da linguaxe escrita

- *Disgrafías.*

V¹ Previamente, relaxamos a man con exercicios de tensión-distensión..., repaso dos grafismos que queiramos corrixir, comprobando o trazo e a dirección dos mesmos..

V¹ Recursos didácticos: cadernos variados. “A reeducación das dificultades na escritura”. Editorial Visor.

- *Disortografías.*

V¹ Separar con pasos as palabras relativas a unha frase lida polo profesor/a. O obxectivo é acadar o concepto de “unidade de palabra”.

V¹ Recursos didácticos: xogos Nardil e letras móbiles, “Reeducación de dificultades na escritura “. Editorial Visor.

Actividades para a consecución de conceptos gramaticais de ámbalas linguas

V¹ Sinalar as oracións empregadas nun pequeno texto e distinguir si son simples ou compostas.

V¹ Recursos didácticos: “Proyecto Zigurat”. Lingua Castelá e literatura . Editorial SGEL.

Actividades para adquisición da ortografía propia de cada lingua

V¹ Completar palabras, subliñar palabras intrusas nun texto dado, localizar palabras mal escritas en diferentes frases coas letras “r-rr,h, b-v, j-g, ll-y, c-z, que, qui..

V¹ Recursos didácticos: exercicios en rede, www.reglasdeortografia.com, ortografía “La Calesa”...

Actividades para reflexionar sobre a dimensión cognitiva e estética das linguas

V¹ Buscar adxectivos que poidan posuír os obxectos, semellantes ás características humanas, lemos diferentes “greguerías”, transformamos frases con metáforas en frases con símiles,..

V¹ Recursos didácticos: uso de “greguerías” recurso literario inventado por Gomez de la Serna.

8. ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

Son as accións específicas, comportamentos, pasos ou técnicas que os estudantes utilizan para melloraren o seu progreso nunha lingua. Poden facilitar a internalización, o almacenamento, a recuperación ou o uso dunha lingua e son ferramentas necesarias para o desenvolvemento das habilidades comunicativas.

8.1. Estratexias directas

1. Estratexias de memoria

- 1.1. Crear imaxes mentais (agrupar palabras, relacionar con outras clases, poñer palabras en contexto)
- 1.2. Aplicar imaxes e sons (debuxar, mirar mapas, relacionar con outras palabras)
- 1.3. Repasar con eficacia (repasar cada día)
- 1.4. Aplicar acción (representar fisicamente o material)

2. Estratexias cognitivas

- 2.1. Practicar (repetir, revisar, editar).
- 2.2. Moverse polo texto (buscar a idea básica, buscar datos específicos).
- 2.3. Analizar (comparar con coñecementos previos, facer deducións).
- 2.4. Crear estrutura (tomar notas, facer resumos, subliñar, numerar).

3. Estratexias de compensación

- 3.1. Facer hipóteses (considerar e analizar o contexto)
- 3.2. Buscar axudas (usar a lingua, facer preguntas ao profesor, usar un dicionario, parafrasear).

8.2. Estratexias indirectas

1. Estratexias metacognitivas.

- 1.1. Enfocarse na aprendizaxe (prestar atención a aspectos específicos, entender por que se fai algo).
- 1.2. Planificar ben o proceso (establecer obxectivos, usar estratexias apropiadas).
- 1.3. Avaliar o proceso (autoexaminarse).

2. Estratexias afectivas.

2.1. Evitar a angustia (relaxarse, intentar pasalo ben mentres se aprende). 2.2. Animarse a un mesmo (considerar o progreso, recompensarse).

2.3. Coñecerse a un mesmo (seguir os hábitos persoais, cambiar os hábitos).

3. Estratexias sociais

3.1. Facer preguntas.

3.2. Participar en grupos.

3.3. Compartir a experiencia con outros.

8.3. Na aula de Pedagogía Terapéutica

- a. Aprendizaxe significativa, partindo das ideas previas.
- b. Partida desde centros de interese do alumnado (motivación).
- c. Adaptación ao ritmo de aprendizaxe do alumnado.
- d. Maior supervisión do traballo do alumno.
- e. Adaptación de contidos.
- f. Implicación das familias.

Estratexias específicas

√ De tipo cognitivo: repetición de ordes, imitación de accións, repetición dos pasos a seguir para a realización das tarefas, da resolución de conflitos.. √ De tipo psicomotor: movementos de mans, psicomotricidade fina.

√ Emprego de actividades procedementais.

√ Mellora do comportamento e da actitude fronte ao traballo.

9. PROCEDEMENTOS DE SEGUIMIENTO, CONTROL E AVALIACIÓN QUE ASEGUREN QUE O ALUMNADO ACADE A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

Para o seguimento, control e avaliación do alumnado de xeito que acade a competencia lingüística axeitada en galego e mais en castelán o centro leva a cabo os seguintes procedementos dos que quedará constancia en acta:

- **CCP:** Reunión mensual.
- **Avaliacións:** avaliación inicial na ESO no mes de outubro e sesións trimestrais.
- **Departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá:**
 - Reunión semanal de cada departamento.
 - Reunión semanal co Departamento de Orientación.
 - Coordinación coa profesora de PT.
 - Reunións entre ambos departamentos de carácter puntual.
- **Departamento de Orientación:**
 - Reunión semanal do dpto. de orientación.
 - Coordinación profesora de PT / orientadora (semanalmente).
 - Coordinación profesora de PT / profesorado de materia (nas avaliacións utilizase un modelo específico para o alumnado con ACS)
 - Reunións semanais entre os titores e a orientadora.

10. COMPOSICIÓN DO ENDL

Coordinadora: M Aida Pazos Quintillán (Dep. Lingua Galega)

- M^a Luisa Vázquez Oreiro (Departamento de Sanidade).
- Reis Mayo Róo (Departamento de Lingua Galega).
- Isabel Prado Alfaro (Departamento de Lingua Galega).
- Javier González Abrales (Departamento de Música).
- Dolores Pérez Espiño (Departamento de Orientación).
- Alberto Pereira Suárez (Departamento de Educación Física).
- Francisco Daniel Alján González (Departamento de Mecanizado).
- Flavio Piñeiro Sarille (Departamento de Matemáticas).
- M^a Lucía Núñez García (Departamento de Lingua Castelá).
- Equipo Directivo do Centro

Persoal non docente: Francisco Abalo

Alumnos: Aberto a todo o alumnado que queira participar

FUNCIÓNS DO COORDINADOR E EQUIPO

I.- COORDINADOR:

1. Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
2. Responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
3. Convocar e presidir as reunións do equipo.
4. Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro
5. Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

II. EQUIPO

Según o artigo 15 do decreto 79/2010 de 20 de maio, este equipo terá como papel fundamental o deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega. Terá as seguintes funcións:

1. Presentar a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.

2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos: a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro. b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

3. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.

5. Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

11. Programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega

- 1. Elaboración da revista escolar Paraquenaqueira**
- 2. Mantemento do taboleiro do EDL:** exposición dos paneis elaborados pola Concellaría de dinamización lingüística e o seu mantemento ao longo do curso
- 3. Realización de carteis para o Entroido:** carteis promocionando o noso Entroido e a súa relevancia cultural e a mostra dos Entroidos galegos máis senlleiros
- 4. Conferencias e charlas no instituto de persoas relevantes no mundo da cultura, do periodismo, da xustiza...** que mostren a importancia de expresarse en galego e colaborar na difusión da nos lingua
- 5. Torneo de Xadrez na Biblioteca**
- 6. Potenciar a lingua oral: conversas na rúa con maiores**
- 7. Entroido de aquí: Exposición gráfica do Entroido galego. Concurso de disfraces.**
- 8. Concertos didácticos relacionados con Galicia e a música galega**
- 9. Visita ao Salón do Libro organizado pola Concellaría de Cultura do Concello para a promoción da lectura infanto-xuvenil en galego**
- 10. Celebración do Día de Europa e do Día das Linguas de Europa:** co obxectivo de coñecer a diversidade de linguas en Europa e promover a súa riqueza, mostrando a importancia de manter o galego na fala e na escrita
- 11. Correlingua:** Participación da carreira do Correlingua en prol do idioma
- 12. Ben veñas Maio:** Participación nas diferentes modalidades e visita ás actuacións musicais e teatrais en galego organizadas polo Concello de Pontevedra
- 13. Horto escolar e realización dun blogue para mellorar o uso do galego nas novas tecnoloxías**
- 14. Festa dos maíos:** ☑ Elaboración de artigos e cantos de exaltación do día dos maíos e realización dun festival de música e cantigas no centro

15. **Exposición sobre o autor/ á que se lle adica o Día das Letras:** Exposición na Biblioteca e na entrada sobre o autor/a ao que se lle adica o Día das Letras, exposición de libros do autor/a e posible participación en actividades relacionadas fóra do centro
16. **Concurso de microrrelatos**
17. **Visita ao Museo do Pobo Galego e CGAC,** museos representativos da nosa etnografía e da nosa arte contemporánea
18. **Visita a Roteiros da nosa contorna: para coñecer e valorar en profundidade a nosa realidade cultural e lingüística**
19. **Blogue da biblioteca do IES**
20. **Blogue do Clube de Lectura Bradomín**

12.- PLURILINGUISMO

-ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS

Según a disposición adicional terceira do decreto 79/2010, a Administración educativa elaborará e presentará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais que asegure a súa capacitación lingüística nas linguas oficiais.

As medidas de atención ao alumnado con NEAE na educación secundaria obrigatoria están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

A atención educativa á diversidade entendémola como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado.

Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e concretámolas en propostas curriculares e organizativas que teñen en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos. Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarlles unha educación adaptada ás súas singularidades, que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios. Adaptamos as propostas dos libros de texto que contemplan actividades de atención á diversidade no propio libro do alumnado, contra o final de cada unha das unidades. A maiores, ofrécese na Proposta didáctica unha serie de actividades por unidade que procuran facilitar o traballo co alumnado que presenta meirandes dificultades de aprendizaxe. Estas actividades están adecuadas ao currículo vixente para a ESO e non alteran os seus obxectivos, competencias clave, contidos, estándares de aprendizaxe avaliados e criterios de avaliación, senón que os adaptan para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás características individuais e os estilos de aprendizaxe que poida presentar o alumnado.

-SECCIÓN BILINGÜES

A ORDE de 12 de maio de 2011 pola que se regulan as sección bilingües en centros sostidos con fondos públicos define as sección bilingües como a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos/as dun xeito bilingüe, na lingua cooficial que corresponda, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia a ese grupo de alumnado.

No art. 13 establécese que os centros que desexen iniciar a implantación de seccións bilingües deberán facer a correspondente solicitude, e xuntar a seguinte documentación:

- a) Proxecto de participación no plan donde se recollan aspectos como: profesorado e alumnado participante; obxectivos propostos e os contidos; etapas e cursos en que se desenvolver; áreas, materias ou módulos; estratexias metodolóxicas, pautas para a avaliación do proxecto..
- b) Certificación de aprobación do proxecto polo consello escolar, unha vez oído o claustro.
- c) Compromiso do profesorado implicado de formar parte do proxecto durante como mínimo dous anos.
- d) Relación do profesorado da área, materia ou módulo non lingüístico, xunto coas credenciais de posuir destino definitivo do centro e a titulación que acredite a súa competencia lingüística no nivel requerido (B2)
- e) Certificación da dirección do centro co número de alumnos/as que participaran na sección.
- f) Informe de Inspección educativa

Neste curso no IES Frei Martín Sarmiento non está implantada ningunha sección bilingüe.

13.- AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º).

Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica e votaráse en claustro. As conclusións que se tiren expoñeráse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

O Proxecto lingüístico do centro remitiráselle cada catro cursos escolares aos servizos de inspección educativa.

Anualmente elaborárase unha addenda do proxecto no cal constará:

a) As modificacións na impartición de materias en linguas estranxeiras aprobadas polo centro e autorizadas pola Consellería de Educación

b) Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas polo centro no curso anterior, e información do que se vai a desenvolver no curso seguinte.

Cada curso, o equipo de dinamización da lingua galega elaborará unha memoria que se incluírá na memoria do centro. Ademais do anterior o equipo de dinamización de lingua galega realizará enquisas entre os distintos estamentos da comunidade educativa para avaliar o uso do galego, e tomar as decisións permanentes sobre as actividades a propoñer á vista dos resultados